



MEMORIA ANUAL 2023



Contidos

Presentación | p. 4

Quen somos | p. 6

Construíndo pontes, derrubando muros

Oficina de Información e Denuncia | p. 8

Orientación e Formación | p. 26

Morabeza | p. 27

Financiación | p. 28

PRESENTACIÓN



Unha memoria anual, non é so unha memoria. É un exercicio colectivo de recuperar as accións, os proxectos, o esforzo.

É unha reflexión que nos permite observar o tempo transcorrido e avaliar o traballo realizado. Que nos sitúa no presente e nos permite construír o futuro. Porque so sabendo de onde vimos, entendemos onde estamos e cara onde camiñamos.

Unha memoria anual e o noso diario do ano o noso canastro onde gardamos a colleita. O lugar onde acudir para buscar os exemplos de traballo e seguir sementado.

A Coruña, marzo 2023

QUEN SOMOS



MEMORIA ANUAL 2023

4

SOS RACISMO GALICIA

SOS RACISMO GALICIA é unha **organización sen ánimo de lucro, independente, laica, pluricultural e diversa**, que se enmarca dentro da Federación de Asociacións de SOS RACISMO do Estado español.

Os principais fins que perseguimos son

Independencia política e social

Loitar contra calquera forma de discriminación por razón de cor de pel, orixe, cultura ou relixión que se poida dar tanto a nivel social como político.

Sensibilización

Difundir valores, actitudes e prácticas para que a poboación recoñeza, acepte e normalice o carácter pluricultural e multirracial da sociedade galega, e valore positivamente a riqueza que ofrece a diversidade e a interculturalidade.

Inclusión

Promover a inclusión social de persoas migrantes ou pertencentes a minorías étnicas a través do asesoramento e formación en materia de dereitos e acceso en igualdade de oportunidades.

Ámbito territorial

O noso eido de acción é a comunidade autónoma galega, onde traballamos conxuntamente con outras entidades locais para achegar o noso traballo á maior cantidade posible de persoas e ampliar a área de incidencia da entidade.

Ademais coordinámonos coas entidades pertencentes á Federación de Asociacións de SOS Racismo do Estado español para acadar que a nosa actividade teña repercusión a nivel nacional.


CONSTRUINDO PONTES DERRUBANDO MUROS

Oficina de información e denuncia

Mediación Intercultural

Orientación e Formación

Financiación



OFICINA DE INFORMACIÓN E DENUNCIA

SOS Racismo Galicia ofrece un espazo de información e denuncia para aquelas persoas que teñan sido vítimas ou testemuñas de comportamentos racistas ou xenófobos, que teñan provocado agresión, vulneración dos dereitos fundamentais, aplicación desigual de dereitos e da igualdade de oportunidades. Actualmente dispoñemos de dúas oficinas de atención dentro do territorio galego: unha na Coruña e outra na cidade de Vigo.

Principais liñas de intervención

1º. Información e asesoramento: asesoría integral e gratuíta a toda persoa que teña sido vítima ou testemuña dunha actitude racista ou xenófoba ou ben teña sospeitas do exercicio de situacións discriminatorias.

2º. Resarcimento do dano: O principal elemento diferencial das nosas OID é que tratamos non só de visibilizar o delito que sofren estas vítimas, senón que damos un paso máis aló tratando de loitar tanto por unha condena xudicial que penalice aos causantes destes delitos, como pola necesidade da persoa que sofre o delito de sentirse protexida e recoñecida socialmente como vítima.



A OFICINA DE INFORMACIÓN E DENUNCIA CONTINÚA ACTIVA!

Se sofres algún tipo de
discriminación racista ou
xenófoba,
contáctanos!

A CORUÑA - denuncias@sosracismogalicia.org
698 163 742

VIGO - vigo@sosracismogalicia.org
678 811 714



3º. Prevención dos delitos xenófobos, racistas e de odio. As nosas OID traballan na prevención deste tipo de comportamentos en todos os espazos da nosa sociedade. Traballamos promovendo posicións pro activas cara á diversidade en rede con outras entidades e movementos sociais, xunto a centros educativos, profesionais, universidades, organizacións de mulleres, etc. desde idades temperás.

Que ofrecemos?

- a) **Apoio xurídico e administrativo** a aquelas persoas que fosen vítimas de discriminación racista e/ou xenófoba.
- b) **Denunciamos** calquera tipo de feito discriminatorio.
- c) **Mediamos** en caso de conflito cultural.
- d) **Informamos** dos seus dereitos ás persoas pertencentes a minorías étnicas.
- e) **Documentamos** os casos de racismo e xenofobia que teñen lugar en Galicia para a súa posterior publicación nos Informes Anuais sobre o Racismo no Estado español.
- f) Realizamos actividades de **formación antirracista e concienciación**.

Informe Anual 2023

A primeira fonte para a elaboración do Informe Anual constitúena as **vulneracións e denuncias que se recollen nas Oficinas de Información e Denuncia (OID) en Galicia (A Coruña e Vigo)** e que corresponden a diferentes tipos de discriminación por motivos racistas: discriminación laboral, no acceso a prestacións públicas, conflitos veciñais, etc. As oficinas de SOS Racismo Galicia tentan combater as situacións de racismo e xenofobia mediante o proxecto de OID, ofrecendo un **servizo de atención integral a aquelas persoas afectadas ou que foran testemuñas de situacións de discriminación por racismo ou xenofobia, mediante unha atención completa e unha asesoría xurídica e social de balde**. O informe está constituído pola relación de aqueles casos de discriminación xenófoba ou racista coñecidos polas Oficinas de Información e Denuncia

en Galicia, de modo que non pretende mostrar o total dos casos acontecidos en territorio galego, se non que os asuntos e as cifras recollidas neste informe apenas reflicten una parte da realidade, sendo as condutas discriminatorias acontecidas



As situacións discriminatorias son recollidas por SOS Racismo Galicia como observatorio, tanto por ter tido coñecemento das mesmas, por derivación das entidades coas que se traballa en rede, como a través do servizo de asesoramento ás persoas que sufriron ou que foron testemuñas de condutas racistas/xenófobas. Existe unha barreira entre as discriminacións existentes e as discriminacións das que se toma conciencia e se denuncian, sendo un dos maiores obstáculos á hora de denunciar a situación e o contexto da persoa que sofre a conduta discriminatoria.

Deste xeito, moitas das persoas que sofren cada día o racismo e a xenofobia non denuncian estes conflitos pola súa situación de irregularidade administrativa, polo medo e a inseguridade que xera o momento da denuncia, polo descoñecemento de dereitos ou pola idea xeneralizada de que a denuncia non vai ter efectos ou non vai solucionar o problema concreto, entre outros moitos motivos.

Durante o ano **2023** recolléronse en Galicia un total de **176 casos** de discriminación e vulneracións de dereitos. Todos estes casos teñen nomes e apelidos, son persoas que viron violentados os seus dereitos por cuestións de trazos fenotípicos, orixe, razóns relixiosas ou étnicas ou situación administrativa.


Sen pretender ofrecer un estudo cuantitativo do número de incidentes discriminatorios producidos en Galicia durante o ano 2023, cremos que a mostra de 176 casos supoñen un reflexo cualitativo da discriminación nas súas diferentes tipoloxías que nos aproxima a unha realidade que transcende o ámbito penal dos delitos de odio e que polos motivos arriba explicados (diferenza entre feito discriminatorio e feito denunciado, limitacións da entidade, etc.) resulta imposible cuantificar con precisión.

DESAGREGACIÓN DOS DATOS


TOTAL DE PERSOAS ATENDIDAS: 612

Das cales: 174 expedientes de vulneracións


Distribución xeográfica das persoas atendidas




Desagregación das persoas atendidas por sexo/xénero



DESAGREGACIÓN DOS EXPEDIENTES POLA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA



DESAGREGACIÓN SEGUNDO A TIPOLOXÍA DA DISCRIMINACIÓN



FORMACIÓNS CON PERSPECTIVA ANTIRRACISTA

Durante o 2023 impartimos as seguintes formacións. En vista da dispoñibilidade das persoas interesadas e a flexibilidade ou non, decidimos manter as opcións formativas presenciais e online. Unha das liñas fortes que intentamos favorecer neste sentido foi reforzar a parte formativa para chegar a máis profesionais que poidan estar interesados en dita formación e así dese xeito expandir tamén a sensibilización cara este tipo de problemáticas que sofren moitas persoas. Con cada ano que pasa detectamos a necesidade de complementar a oferta formativa e chegar a público interesado ao que anteriormente destinabamos outro tipo de dinámicas, chegando incluso a manter

formación, concretas, co profesorado dalgúns centros ou institutos de educación secundaria.

RACISMO, XENOFobia E DISCRIMINACIÓN. DETECCIÓN E INTERVENCIÓN Este curso foi impartido para diferentes organizacións profesionais e formación e diferente nivel de imparto que recolleemos a continuación.



FORMACIÓNS MONTE DAS MOAS (CORUÑA)_ 12/04/2023



FORMACIÓN IES MONTE CASTELO (BURELA)_18/05/2023-19/05/2023



FORMACIÓN IES ALLARIZ_30/11/2023




FORMACIÓN IES EDUARDO PONDAL_28/04/2023




FORMACIÓNS INEQUIDADES EN SAÚDE (FERROL) 21/12/2023



FORMACIÓN DISCRIMINACIÓN RACIAL NAS XORNADAS DE DELITOS DE ODI (COMISARIA DE POLICÍA, VIGO)_ 08/06/2023-09/06/2023



FORMACIÓNS DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE DISCRIMINACIÓN (ONLINE)_23/04/2023



FORMACIÓN REDE DE MULLERES (VIGO)_17/04/2023



FORMACIÓN LOITANDO CONTRA O RACISMO E OS ESTEREOTIPOS CON XORNALISTAS GALEGAS (ONLINE)_ 02/12/2023



FORMACIÓN LOITANDO CONTRA O RACISMO E OS ESTEREOTIPOS CON ARQUITECTURA SEN FRONTEIRAS (CORUÑA)_ 16/10/2023

Actividades de concienciación


INFORME ANUAL GALIZA 2022

Elaboración e difusión en redes sociais e páxina web o Informe Anual da Oficina de Información e Denuncias 2022. Presentación presencial do Informe Anual de SOS RACISMO GALICIA con extrapolación de datos de vulneracións de toda a comunidade galega.

Nestas recollidas, analízanse os tipos de condutas discriminatorias máis frecuentes, así como os axentes discriminadores que máis presenza teñen e a influencia que a situación administrativa das persoas ten nos episodios racistas e xenófobos. Compre salientar que os datos recollidos nos Informes anuais de SOS RACISMO GALICIA non se publican con ánimo exhaustivo, nin tampouco con intención de reflectir unha imaxe fixa da realidade dos casos. Isto é: os casos recollidos, os número que aquí ofrecemos, son tan só unha pequena parte dos episodios de discriminación, das actitudes que vulneran dereitos que sofren as persoas migrantes e/ou racializadas.



Participantes: 15 persoas.



FERIA INFORME ANUAL GALIZA CON REDE REFUXIADAS (ONLINE) _19/10/2023

INFORME ANUAL-DATOS CORUÑA

Ao igual que fixemos cos datos de vulneracións de dereitos ocorridos na comunidade galega decidimos presentar os resultados para o acontecido na Coruña. A correlación de datos existentes e a natureza das vulneración máis comúns que sofren as persoas que residen na cidade da Coruña permiten facer unha análise máis complexa do que acontece e onde debe dedicarse a labor das entidades que traballan no eido social. Para a presentación escollemos o espazo do Alexandre Bóveda onde puidemos

desfrutar dunha xornada moi interesante coas persoas que alí se achegaron.



Participantes: 40 persoas.



PARTICIPACIÓN COMO PARTE DO AWARENESS POINT NO FESTIVAL WOMEX (CORUÑA)_ 25-28/10/2023



MANIFESTACIÓN 12 OUTUBRO (SANTIAGO)_ 12/10/2023



FERIA ACAMPA(CORUÑA)_ 16/06/2023-18/06/2023



ACTO EN CONMEMORACIÓN DO TARAJAL(CORUÑA)_ 06/02/2023

IV XORNADAS ANTIRRACISTAS SOS RACISMO GALICIA



Dentro deste traballo de visibilización e denuncia sobre a discriminación e os delitos de odio está a elaboración e participación en accións que promovan a concienciación da sociedade. Este ano unha delas foi a organización das **IV Xornadas Antirracistas de SOS**

Racismo Galicia, nas que foi posible poder compartir de xeito presencial unha fin de semana ben interesante.

Ao longo de dous días de xornadas tivemos a oportunidade de escoitar diversidade de voces dentro a loita antirracista grazas á participación de persoas que viñeron dende distintos puntos de Galiza e do estado Español. Os espazos que ocupamos son dos lugares reivindicativos da cidade da Coruña: A Tobeira de Oza e o espazo emblemático da Acéfala.

Nun primeiro día o público tivo a oportunidade de participar en obradoiros nun espazo non mixto (só persoas racializadas). Este primeiro día estivo pensado para ser unha xornada de reflexión, achegamento e coidado das vidas e experiencias das persoas racializadas e/ou migrantes a través da poesía. Puidemos desfrutar dunha primeira xornada da man de Rioko Fotabón.

O segundo día, aberto a todo o público, estivo marcado pola inclusión dun taller de defensa persoal da man da Sensei Jatsume na Tobeira de Oza.

Pola tarde asistimos a unha mesa redonda, formada por varias persoas presentes nos movementos antirracista galegos vindas de diferentes partes do territorio. Dita dinámica foi moi enriquecedora pois puidemos aprender e reflexionar sobre as diferentes experiencias de discriminación e sobre as posibles alianzas que se poden facer no territorio. Entre as persoas participantes tivemos a sorte de escoitar a Voria Stefanovski, Gabriela Legaspi e Angelly Ferreiro.

Rematamos a xornada coa actuación musical de Alxma e Menina Arroutada.



ORIENTACIÓN E FORMACIÓN



FORMACIÓN PARA ITINERARIOS DE INCLUSIÓN SOCIAL



O proxecto financiado polo Concello de A Coruña consistiu no deseño e execución de itinerarios de inserción socio laboral destinados a persoas inmigrantes beneficiarias e/ou solicitantes da Renda Social Municipal, ou solicitantes da Renda Social Municipal (e doutras

prestacións sociais que inclúsen un itinerario de inserción socio laboral) residentes na cidade de A Coruña ou área metropolitana.

Traballamos co obxectivo xeral de contribuír á mellora dos factores que incrementan o nivel de empregabilidade das persoas participantes por medio de itinerarios de inclusión social e con formacións individualizadas e específicas favorecendo a súa participación social e nos procesos de emprego para acadar unha inclusión social. Cos itinerarios traballamos as necesidades específicas propias de cada persoa participante e levamos a cabo procesos de orientación e tutoría totalmente individualizados.

Foron beneficiarias do proxecto 25 persoas inmigrantes e/ou racializadas residentes na cidade de A Coruña e que se atopaban ligadas a un itinerario de inclusión social.

Sen perder de vista os obxectivos deseñamos obradoiros para poder desenvolver de xeito individual por medio de tutorías e tamén grupais.

Os obradoiros grupais levados a cabo foron:

- **Obradoiro de empregabilidade:** Neste obradoiro centrámonos nas habilidades brandas propias de cada persoa para poder facer o seu perfil profesional máis

competitivo. Tamén traballaremos coa entrevista e realizaremos roll play. Deste obradoiro realizamos 2 edicións de 6 horas cada unha.

- **Obradoiro sobre recursos para a procura de emprego:** abordamos estratexias no currículo, ensinamos as vías de procura de emprego social (visitando o club de emprego da UAMI, o centro de emprego e diversas entidades as que foron derivadas), e os métodos de procura de emprego a través da web. Neste senso ensinamos as persoas participantes a enviar o cv a través do email e proporcionámoslles unha guía, e ensinamos o uso de plataformas como infojobs, infoempleo e mil anuncios. Deste obradoiro realizamos tres edicións de 9 horas cada unha.

- **Obradoiro de empoderamento dirixido a mulleres:** impartimos formación en materia de equidade, eliminación de mitos –sexualización das profesións etc.–, dereitos das mulleres traballadoras, segregación horizontal etc. Realizamos dúas edicións de 4 horas cada unha delas.

- **Obradoiro de habilidades dixitais:** fixemos fincapé no uso do teléfono para a realización de tarefas como xestión de citas, envío de correos electrónicos, procura de información de interese. Ensinamos a escanar documentos co seu dispositivo, poder asinalos e envialos para que sexa de aplicación no seu día a día cando teñan que enviar documentación etc. Deste obradoiro impartimos 12 horas e se repetiu durante tres edicións.


- **Obradoiro de auto emprego**

MORABEZA. Itinerarios de inclusión socio laboral para mulleres migrantes



O proxecto financiado pola Deputación de A Coruña e o Concello de A Coruña naceu para facilitar o acceso a inclusión socio-laboral e aos dereitos básicos de 32 mulleres estranxeiras achegándolles as ferramentas necesarias e o acompañamento oportuno por parte das profesionais que o desenvolveron para poder acceder e permanecer no mercado laboral repercutindo, directamente, na súa rede social e familiar.

O proxecto desenvolveuse na cidade de A Coruña pero estendendo a atención ás mulleres de orixe migrante veciñas de toda a área metropolitana (Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros, Sada).



Os obxectivos que se expuxeron ao inicio do proxecto foron:

a. Obxectivo xeral:

Contribuír a mellora das habilidades interpersoais e os factores de empregabilidade das mulleres inmigrantes dotándoas das competencias necesarias para favorecer a inserción no mercado laboral por medio de itinerarios personalizados de inclusión social e con alternativas formativas e laborais acordes ao seu potencial e proxecto vital.

b. Obxectivos específicos:

- Coñecer o mercado laboral, as ofertas, os requisitos específicos e os nichos de mercado para facilitar a inserción das mulleres participantes no proxecto.
- Crear itinerarios personalizados de inclusión social realistas e acorde as necesidades e características de cada persoa.
- Facilitar as mulleres o asesoramento e información necesaria para mellorar a inclusión social nas áreas de: emprego, seguridade social, asistencia sanitaria, prestacións sociais, vivenda, educación ou formación.
- Contribuír a unha conciencia crítica no referido a equidade de xénero a través de accións específicas.
- Contribuír a mellora dos factores de empregabilidade.
- Ofertar acompañamento especializado e individualizado na procura de emprego.

Os resultados acadados foron satisfactorios e contribuíron a mellorar o proxecto de vida de forma directa a 32 mulleres e de forma indirecta a toda a súa rede familiar e social.

Entre outros resultados cabe destacar os seguintes:

- | | |
|------------------------------------|--|
| • Atendéronse 32 mulleres | • Elaborados 2 dípticos que |
| • Se levaron a cabo 270 actuacións | chegan a 300 persoas |
| • 30 persoas rematan o itinerario | • 13 mulleres nas actividades de concienciación |
| • 9 persoas atoparon emprego | • 2 formacións grupais e 30 formacións individuais |
| • 100 atencións realizadas | |

FINANCIACIÓN



Outro ano máis seguimos a recibir a importante colaboración dos nosos socios e socias que cun gran esforzo seguen contribuíndo a que os proxectos da entidade sigan adiante. Aínda que na nosa porcentaxe representa unha cantidade pequena fronte ao resto de ingresos, a maioría de subvencións públicas, de xeito cualitativo o apoio de persoas a título individual dannos forza para seguir adiante neste camiño. E sen esquecer que estes ingresos permítennos cubrir gastos que non se poden financiar con ningunha axuda pública, como pasa, por exemplo, cos gastos financeiros.

O financiamento dos proxectos foi recibida a través das convocatorias públicas de subvencións de diferentes ámbitos de financiación. Da Unión Europea percibimos financiación do Fondo Social Europeo e do Fondo de Asilo, Migración e Integración. Do estado español, da Secretaria Xeneral de Integración y Orientación. Da Xunta de Galicia da Consellería de Política Social. Da provincia de A Coruña por parte da Deputación e por último, do Concello de A Coruña.



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



UNIÓN EUROPEA
FONDO DE ASILO,
MIGRACIÓN E
INTEGRACIÓN
Por una Europa plural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Dirección Xeral de Inclusión Social



SECRETARÍA GENERAL
DE INMIGRACIÓN
Y EMIGRACIÓN
DIRECCIÓN GENERAL
DE MIGRACIONES



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
PRÓXIMA

Queremos destacar que a execución dos proxectos tamén foi grazas ás posibilidades de financiamento que nos ofrece **Coop 57, Cooperativa de Crédito Ética e Solidaria** á que pertencemos. Xa que é grazas

a ela con adiantos de subvencións e/ou pólizas de crédito como poñemos remedio ao pago con demora que segundo a tipoloxía, prodúcese, nalgunhas subvencións.





